

EGAP: CONVOCATORIA FORMACIÓN CONTINUA EN MATERIA DE IGUALDADE E VIOLENCIA DE XÉNERO

Santiago de Compostela 15/03/24

Publicada en DOG a [Resolución do 8 de marzo de 2024 pola que se convocan as actividades de formación continua en materia de igualdade e violencia de xénero.](#)

As actividades formativas figuran no anexo II, e deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Requisitos das persoas participantes:

Poderá participar:

- O persoal ao servizo da:
 - Administración pública da Comunidade Autónoma.
 - Entidades públicas instrumentais.
 - Administración institucional.
 - Administración de xustiza.
 - Entidades locais.
 - PAS das tres universidades do SUG
- Que se encontre en:
 - Situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos no anexo II.
- Está exceptuado:
 - Persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
 - Persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia, policía local e bombeiros.
 - Persoal do Servizo Galego de Saúde, non entendendo por tal, os/as empregados/as públicos/as da escala de saúde pública e Administración sanitaria da Lei 17/1989.

Desenvolvemento das actividades de formación

- Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria.
- A **información** relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web: <https://egap.xunta.gal>.

Solicitudes e prazos

- **Prazo solicitudes: dende o 16 ata o 25 de marzo.**
- As solicitudes **só poderán realizarse** mediante o **formulario de matrícula telemática** dispoñible no enderezo : <https://egap.xunta.gal/matricula> desde as **9.00** horas da **data de inicio** do prazo de presentación de solicitudes e **ata as 14:00** horas da **data de finalización**.
- **Número máximo de cursos que se poden solicitar: 3**

